



Resolución da Xefatura Territorial da Consellería do Mar na Coruña pola que se convoca o proceso selectivo para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións que contan coa modalidade de marisqueo no permiso de explotación no marco do plan de xestión de moluscos bivalvos e gasterópodos en autorización da confraría de pescadores de Miño

Antecedentes

1. O plan de xestión de moluscos bivalvos e gasterópodos a pé e dende embarcación en autorización da confraría de pescadores de Miño (PE4013A 2020/23-1) aprobouse para o trienio 2021-2023 mediante a Orde do 21 de decembro de 2020 pola que se aproba o Plan Xeral de Explotación Marisqueira.

De conformidade co expediente de aprobación do plan de xestión citado estableceuse un número máximo de tres (3) embarcacións con tres (3) persoas tripulantes con dereito a cota para todo o trienio.

2. O 14.12.2022 (Rexistro de Entrada Nº 2022/3068596), a confraría de Miño (en diante a entidade) solicitou a realización dunha medida de adaptación do plan co obxectivo de incrementar o número de participantes no plan de xestión para a modalidade de embarcación, co outorgamento da arte MARISQUEO no permiso de explotación para unha (1) embarcación con unha (1) cota e unha (1) cota adicional para ofertar ás embarcacións xa incluídas no plan.

3. O 16.02.2023 esta xefatura territorial ditou resolución adoptando a medida de adaptación indicada no punto anterior no plan de xestión de tal xeito que o número máximo de participantes na modalidade dende embarcación para o ano 2023 quedou establecido en (4) embarcacións e cinco (5) persoas tripulantes con dereito a cota.

Consideracións legais e técnicas

1. A Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, e o Decreto 153/2019, do 21 de novembro, polo que se regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros e das algas establecen que o exercicio da actividade de marisqueo de recursos xerais requirirá que:

- Se realice ao abeiro dun plan de xestión ou en zonas de libre marisqueo no marco do Plan xeral de explotación marisqueira establecido
- A extracción de recursos marisqueiros en zonas suxeitas a plan de xestión ou en zonas de libre marisqueo só poderá ser exercida polas persoas e embarcacións que estean en posesión da preceptiva habilitación.

Xefatura Territorial da Coruña
Rúa Ramón y Cajal, 2 5º andar (Casa do Mar)
15006 A Coruña
Tel.: 981 182 000
xfaturaterritorial.mar.coruna@xunta.gal





2. O Decreto 153/2019 do 21 de novembro, polo que se regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros e das algas, establece no artigo 17.2 que cando o número de participantes sexa inferior ao máximo establecido no plan de xestión, a xefatura territorial da consellería competente en materia de marisqueo incrementará anualmente o número de participantes no plan ata o máximo establecido, sen prexuízo das medidas de adaptación establecidas no artigo 21.

3. A disposición adicional terceira da Orde do 21 de decembro de 2020 pola que se aproba o Plan xeral de explotación marisqueira para o trienio 2021-2023 (códigos de procedemento PE403A, PE403C, PE403D e PE403E), establece que en virtude do disposto na disposición adicional terceira da Orde do 26 de outubro de 2004, pola que se regula a alternancia de artes para embarcacións que pesquen en augas da Comunidade Autónoma de Galicia, e durante a vixencia desta orde, naqueles plans de xestión en que os datos resultantes do seguimento da explotación, a situación social do sector e os estudos sobre o estado dos recursos así o permitan, poderase incrementar o número de embarcacións coa modalidade de marisqueo con vara, sen prexuízo das limitacións e condicións establecidas para cada un dos plans de xestión.

O incremento dos/das participantes aprobados/as nos plans de xestión de marisqueo con vara realizarase segundo a resolución da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro do 22 de outubro de 2013, pola que se aproba o baremo para incrementar o número de cotas nas embarcacións que xa participan nun plan de xestión e para acceder á modalidade de marisqueo con vara no permiso de explotación no marco dun plan de xestión.

4. Así, todas as solicitudes que cumpran os requisitos sinalados nesta resolución serán valoradas de acordo co establecido no anexo I (epígrafes A e B) do baremo aprobado pola Resolución do 22 outubro de 2013, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para incrementar o número de cotas nas embarcacións que xa participan nun plan de xestión e para acceder á modalidade de marisqueo con vara no permiso de explotación no marco dun plan de xestión.

4. Esta xefatura territorial é o órgano competente para incrementar o número de cotas nas embarcacións que xa participan nun plan de xestión de conformidade co establecido no artigo 17.2 do Decreto 153/2019, do 21 de novembro, polo que se regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros e das algas e co artigo 13 do Decreto 50/2021, do 11 de marzo, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar.

De acordo con todo o anterior,

RESOLVO:

1. Convocar o proceso selectivo para o incremento dunha (1) cota de captura para as embarcacións que contan coa modalidade de marisqueo no permiso de explotación no marco do plan de xestión de moluscos bivalvos e gasterópodos en autorización da confraría de pescadores de Miño, con suxeición ás bases da convocatoria recollidas no anexo A e abrir o prazo de presentación solicitudes de participación.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada ante a conselleira do Mar no prazo dun (1) mes, que se contará a partir do día

Xefatura Territorial da Coruña
Rúa Ramón y Cajal, 2 5º andar (Casa do Mar)
15006 A Coruña
Tel.: 981 182 000
xefaturaterritorial.mar.coruna@xunta.gal





seguinte ao da notificación desta resolución, de acordo co establecido nos artigos 121 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015).

A xefa territorial

Por ausencia (Resolución do 4 de agosto de 2022)

O xefe do Servizo de Desenvolvemento Pesqueiro

Miguel Gómez Losada



ANEXO A

Bases da convocatoria

1. Normas xerais

1.1 O obxecto do proceso selectivo é o outorgamento dunha (1) cota entre as embarcacións que participan no Plan de xestión de moluscos bivalvos e gasterópodos en autorización a pé e dende embarcación da confraría de pescadores de Miño.

1.2 Requisitos das embarcacións

Para poder optar á cota ofertada nesta convocatoria é preciso que as embarcacións estean incluídas no Plan de xestión de moluscos bivalvos e gasterópodos en autorización a pé e dende embarcación da confraría de pescadores de Miño

1.3 Solicitudes, documentación, prazo e lugar de presentación

A Lei 4/2019 do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG núm. 141, do 26 de xullo de 2019) no seu artigo 10º 1.a) establece que os traballadores autónomos e as traballadoras autónomas, para os trámites e as actuacións que realicen no exercicio da súa actividade profesional, no ámbito do sector público autonómico, estarán obrigados a relacionarse a través dos medios electrónicos para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo, ademais do indicado no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

As persoas que desexen participar no proceso selectivo deberán presentar por vía electrónica unha solicitude dirixida á Xefatura Territorial de A Coruña, mediante o procedemento PR004A -Presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado-dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.es>).

O prazo para a presentación das solicitudes será de quince (15) días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no taboleiro de anuncios desta xefatura territorial e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>.

Esta convocatoria tamén estará exposta, con carácter informativo, no taboleiro de anuncios da confraría de pescadores de Miño.

A falsidade dos datos esenciais para a selección das persoas aspirantes dará lugar á súa exclusión automática do proceso selectivo.

A solicitude, asinada pola/s persoa/s titular/es do permiso de explotación, deberá vir acompañada da seguinte documentación:

1.3.1 Documentación mínima para a admisión da solicitude

Xefatura Territorial da Coruña
Rúa Ramón y Cajal, 2 5º andar (Casa do Mar)
15006 A Coruña
Tel.: 981 182 000
xfaturaterritorial.mar.coruna@xunta.gal



a) Para acreditar a personalidade na presentación da solicitude:

a.1) No caso dunha persoa física, DNI ou NIE da persoa solicitante, en caso de non autorizar á Consellería do Mar para a obtención desta información.

a.2.) No caso de co-titularidade, copia do DNI ou NIE do resto das persoas físicas titulares do permiso de explotación da embarcación, agás no suposto de autorización expresa á Consellería do Mar para obter esta información. A autorización expresa para a consulta destes datos realizarase empregando o anexo IX da Orde do 30 de decembro de 2015.

a.3) No caso dunha persoa xurídica, NIF da entidade e DNI ou NIE da persoa representante en caso de non autorizar á Consellería do Mar para obter esta información. No caso dunha persoa xurídica, a persoa representante deberá acreditar a representación con que actúa.

No caso de ser titular do Permiso de explotación por cesión, deberán tamén dar a súa conformidade a/s persoa/s propietaria/s da embarcación e acreditar a personalidade seguindo os puntos anteriores.

1.3.2 Outra documentación:

a) Folla de asento da embarcación actualizada á data da convocatoria ou copia dixitalizada do documento orixinal.

b) Documentación acreditativa de cada un dos aspectos que se van a valorar de acordo ao baremo aprobado pola Resolución do 22 de outubro de 2013, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

Para os efectos de computar os méritos establecidos só se valorarán os obtidos ata a data de publicación da resolución da apertura do prazo de presentación de solicitudes para a elaboración das listas. Así:

b.1) Número de artes ou modalidades incluídas no permiso de explotación

A información relativa a este epígrafe será a que conste en poder da Consellería do Mar.

b.2) Vendas en lonxa ou centro de venda autorizado da embarcación

Para a valoración deste epígrafe, a persoa solicitante, deberá presentar certificación da capitanía marítima que recolla os seguintes aspectos no ano natural anterior á data da convocatoria:

- despachos da embarcación.
- tripulación enrolada na embarcación con nome e apelidos e períodos de embarque.

Descontaranse os períodos de tempo en que a embarcación estivo inactiva por causa de forza maior (deberase achegar a xustificación documental que así o acredite) e cando as persoas solicitantes non fosen armadores da embarcación (segundo o permiso de explotación).

Xefatura Territorial da Coruña
Rúa Ramón y Cajal, 2 5º andar (Casa do Mar)
15006 A Coruña
Tel.: 981 182 000
xfaturaterritorial.mar.coruna@xunta.gal



A información relativa ás vendas en lonxa ou centros de venda autorizado será a que conste en poder da Consellería do Mar.

b.3) Período de actividade da embarcación (registro da actividade pesqueira)

Non se terá en conta o período de tempo no que as persoas solicitantes non fosen armadores/as da embarcación.

A información respecto ao registro da actividade pesqueira será a que conste en poder da Consellería do Mar.

b.4) Número de embarcacións da persoa armadora

A información respecto a este epígrafe será a que conste en poder da Consellería do Mar.

2. Proceso selectivo. Relación provisional e definitiva

2.1. A xefatura territorial procederá á baremación das solicitudes e publicará, no taboleiro de anuncios da xefatura territorial e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>, unha relación provisional indicando a puntuación acadada por cada unha das embarcacións aspirantes e persoas armadoras. Así mesmo, nesta relación recolleranse as embarcacións e persoas excluídas do proceso e as causas de dita exclusión.

A resolución tamén se exporá, con carácter informativo, no taboleiro de anuncios da confraría de pescadores de Miño.

O feito de figurar na relación de persoas e embarcacións admitidas non prexulga que se lle recoñeza á persoa interesada ou embarcación a posesión dos requisitos esixidos no procedemento regulado nesta sección. Cando da documentación que deba presentarse no caso de ser seleccionado, se desprenda que non posúa algúns dos requisitos, a persoa interesada decaerá de todos os dereitos que podan derivar da súa participación no procedemento.

Contra a relación provisional de puntuacións, as persoas interesadas poderán presentar ante a xefatura territorial cantas alegacións consideren oportunas no prazo máximo de quince (15) días hábiles, contados desde o día seguinte ao da súa publicación no taboleiro de anuncios da xefatura territorial e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>.

As embarcacións e persoas excluídas poderán presentar contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, un recurso de alzada ante a Conselleira do Mar no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución, de acordo co establecido nos artigos 30, 121 e 122 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

2.2. Unha vez finalizado o prazo de presentación de alegacións e analizadas estas, a xefatura territorial ditará a resolución coa relación definitiva das embarcacións seleccionadas e persoas armadoras, así como das non seleccionadas. A relación definitiva das embarcacións seleccionadas e persoas armadoras realizarase con base no número de tripulantes con certificación profesional con pretensión de enrolar indicado na solicitude





pola persoa armadora. Dita resolución será exposta nos lugares e cos mesmos efectos que os previstos no punto 2.1.

As alegacións non se contestarán expresamente de xeito individualizado, aínda que, de se-lo caso, si se terán en conta para a puntuación definitiva.

En caso de empate na puntuación obtida tras aplicar o baremo, terán preferencia, en primeiro lugar, as embarcacións cuxas persoas armadoras sexan mulleres, e en segundo lugar, as persoas armadoras de menor idade. De persistir o empate, resolverase por sorteo público.

Contra a resolución que aprobe a relación definitiva, que non esgota a vía administrativa, a persoa interesada poderá interpoñer recurso de alzada no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación no taboleiro de anuncios da xefatura territorial e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>, ante a persoa titular da Consellería do Mar, de conformidade co establecido nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

3. Asignación da cota

A/s persoa/s armadora/s da embarcación seleccionada deberán presentar, no prazo máximo de quince (15) días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación da relación definitiva, a seguinte documentación para a asignación final da cota á embarcación:

- a) Rol de despachos actualizado da embarcación coa dotación de tripulación enrolada nela
- b) Taxa correspondente para a expedición dos novos permisos de explotación onde quedará reflectido o novo número de cotas

Se a documentación non se presenta no prazo establecido, entenderase que desisten da súa solicitude, de conformidade co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, polo que procederase a asignar a cota obxecto desta convocatoria á seguinte embarcación de acordo coa puntuación obtida trala aplicación do baremo.

A xefatura territorial ditará resolución concedendo ou denegando a cota de marisqueo con vara, conforme ao establecido na Resolución do 22 de outubro de 2013.

